



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Diagnóstico pedagógico		Código	652G02039
Titulación				
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Losada Puente, Luisa	Correo electrónico	luisa.losada@udc.es	
Profesorado	Losada Puente, Luisa	Correo electrónico	luisa.losada@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A preocupación pola avaliación e a análise da conduta humana atendendo a unhas ou outras variable foi unha constante ao longo da historia da humanidade, e permitiu configurar o diagnóstico como ciencia vinculada a diversos campos de coñecemento: medicina, psicoloxía, educación? No campo da educación, o Diagnóstico Pedagógico eríxese como disciplina que pretende o estudo dos aspectos relativos ao individuo en idade escolar e á súa contorna, mediante: (a) a identificación e valoración das súas capacidades, comportamentos, actitudes e atributos persoais no contexto escolar; (b) a procura dunha explicación sobre as causas, alternativas e factores implicados na situación experimentada polo escolar; (c) a explicación das consecuencias sobre el/ela, mediante a síntese da información recollida a través das diversas técnicas; e (d) a especificación, con base neses resultados, dos recursos singulares que require para a atención ás súas necesidades específicas de apoio educativo planificando, cando sexa necesario, unha intervención adecuada para mellorar satisfactoria esas accións, a personalidade e a madurez do escolar. Por todo isto, nesta materia optativa de 4º curso do Grao en Educación Primaria preténdese ofrecer unha aproximación teórico-práctica ao campo do diagnóstico pedagógico, a través da cal o alumnado adquirirá as competencias básicas ou elementais que lle permitan comprender os procesos de aprendizaxe no período 6-12 anos dentro e fóra da aula, as características do alumnado e os seus procesos motivacionais e sociais, así como identificar as dificultades de aprendizaxe dos seus estudantes, aplicar os seus coñecementos ás problemáticas que presentan os seus futuros/as alumnos/as na escola, empregar técnicas e instrumentos adecuados para a exploración e identificación diagnóstica, e realizar informes que permitan informar das ditas dificultades e colaborar no proceso de intervención.			



Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos: non se realizarán cambios
	2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen: actividades iniciais, sesión maxistral, traballos tutelados, estudo de casos, discusión dirixida. *Metodoloxías docentes que se modifican: - Simulación: no canto de realizar una representación das aprendizaxes teóricas en forma de suposto hipotético na aula, os grupos serán emparexados con outros grupos para traballar os supostos entre eles e deberán realizar un informe dos resultados. Non haberá presentación oral do traballo, senón que se terá en conta, únicamente, o informe entregado na data que indique a docente (no suposto dunha situación de confinamento). - Presentación oral: sustitúese a modalidade de presentación oral presencial dos contidos por unha presentación elaborada por alumnado a través dun PPT con audio, ou dun vídeo elaborado cos recursos que a Universidade pon a disposición do alumnado.
	3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado: - TEAMS: atenderase a través desta plataforma (reunións virtuais, chat) ou de calquera outra que a Universidade poña a disposición da comunidade universitaria, só no horario de clase e titorías. Non se atenderán dúbidas fóra de este horario (salvo excepcións). - Outlook: atenderanse correos electrónicos do alumnado no horario de titorías. Non se atenderán correos que sexan enviados fóra deste horario. - Foro Moodle: habilitarase un espazo no Moodle para as dúbidas "xerais" e de cada un dos contidos da materia.
	4. Modificacións na avaliación: non se realizarán cambios. *Observacións de avaliación: anúlase a obrigatoriedade da asistencia no caso de confinamento. Non obstante, o alumnado deberá realizar nas datas previstas todas as actividades axendadas ao inicio do curso. No que respecta á proba mixta, no caso de non realizaren dous ou máis dos tests, deberá ir a proba final, prevista inicialmente para o alumnado non asistente, e cuxa data está fixada en Xunta de Facultade.
	5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía: non se realizarán cambios.

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Coñecer e contrastar os diferentes modelos de diagnóstico educativo, estimando o máis adecuado en relación aos procesos de aprendizaxe individual e á interacción e comunicación no contexto familiar, social e escolar, relativos ao período de 6-12 anos.	A1	B18	C3
	A7	B21	
	A11	B22	
Comprender e ser capaz de explicar as características do alumnado de 6-12 anos, o desenvolvemento da súa personalidade e motivacións e as súas posibles disfuncións e/ou dificultades de aprendizaxe.	A2	B9	C1
	A3	B21	C4
	A4	B22	
		B23	
Identificar as posibles dificultades de aprendizaxe dentro e fóra da aula do alumnado de 6-12 anos, aplicando xuízos que son trasladados ás persoas involucradas e que contribúen ao seu tratamento.	A4	B22	C1
	A6	B23	
	A7	B24	



Apreziar a diversidade de capacidades e ritmos de aprendizaxe na aula e fóra dela, estimando os mecanismos e estratexias adoitadas para a resolución de situacións que afectan ao proceso educativo do alumnado.	A6 A7	B9 B13 B23	
Dominar e facer uso das habilidades sociais, comunicativas e profesionais necesarias para entender ao alumnado e ás familias e facerse entender por todos eles, para exercer as funcións de tutor/a e/ou orientador/a en relación á educación familiar e para establecer lazos de cooperación e comunicación coas familias e a comunidade.	A11 A20 A21 A22	B24	C1 C4
Investigar, de forma autónoma e/ou colaborativamente, novas formas de ensinar e de manter un coñecemento actualizado sobre o propio campo profesional.		B1 B14 B17	C3
Emitir xuízos de valor argumentados, acerca dunha realidade, contrastando as súas opinións coas doutros profesionais do campo e contribuíndo á resolución conxunta dos problemas dentro da área de estudo con base na ética e na responsabilidade do traballo docente.		B6 B9 B14 B22 B24	C1
Valorar de xeito crítico as propias habilidades de aprendizaxe e a súa necesidade de formación ao longo da vida.		B1 B21 B25	C5 C7

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. Delimitación conceptual do diagnóstico en educación	1.1. Concepto de diagnóstico en educación 1.2. Modelos de diagnóstico en educación
Tema 2. O proceso de diagnóstico en educación	2.1. Problemática e elementos do diagnóstico 2.2. Niveis de actuación e ámbitos do diagnóstico
Tema 3. Técnicas e instrumentos de recollida de información do proceso diagnóstico	3.1. Técnicas obxectivas, subxectivas e proxectivas
Tema 4. O informe de diagnóstico educativo	4.1. Solicitude de elaboración e interpretación do informe diagnóstico 4.2. Problemas ético-sociais e deontoloxía profesional

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A22 B1 C1 C3	1	0	1
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A11 A21 C7	7.5	0	7.5
Traballos tutelados	A4 A6 A7 B25 B24 B23 B22 B18 B17 B14 B9 B1 C1 C3 C4	7.5	30	37.5
Simulación	A11 A21 A22 B6 B9 B21 B22	3	9	12
Estudo de casos	A4 A6 A20 B1 B6 B13 B14 B23 B24 C5 C3	5.5	16	21.5
Presentación oral	B1 B9 B13 B17 B23 B24 C3 C1	4	15	19
Discusión dirixida	A7 A3 B9 B13 B24	1	0	1
Proba mixta	A3 B21 B22 B23 B24	2	10	12
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Actividade que se desenvolverá ao inicio do proceso de ensino-aprendizaxe, coa finalidade de coñecer as competencias previas, intereses e motivacións do alumnado en torno á materia e así poder articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativas. A dita actividade consistirá en dúas partes: (a) descripción dun caso traballado no Practicum e (b) definición de conceptos a partir dun conxunto de posibles respostas.
Sesión maxistral	Exposición dos contidos que conforman o marco teórico, mediante o uso de presentacións e medios audiovisuais que se subirán á plataforma que está a disposición da Universidade. Ademais, ofrecerase ao alumnado bibliografía e documentación adicional para afondar en cada tema. Sempre que sexa posible, estas sesións serán complementadas con outras metodoloxías como discusión dirixida ou estudo de casos, introducindo cuestións dirixidas ao alumnado en forma de actividade de aula, coa finalidade de transmitir os coñecementos e facilitar as aprendizaxes.
Traballos tutelados	O alumnado levará a cabo, ao longo do cuatrimestre, diversos traballos cuxa finalidade é que o alumnado coñeza, comprenda e sexa capaz de aplicar á súa vida diaria os principios básicos que sustentan o diagnóstico pedagógico na actualidade. A dita capacidade deberá materializarse nun documento final, que poderá ser presentado en formato vídeo, imaxe, debuxo, blogue... utilizando para isto os medios tecnolóxicos ao seu alcance. O dito traballo suporá o proxecto final da materia e será presentado ao resto de compañeiros/as.
Simulación	Levarase a cabo unha representación das aprendizaxes teóricas en forma de suposto hipotético (simulación) relacionado co uso dunha proba diagnóstica, na que o alumnado deberá poñer a proba o seu comportamento en situacións concretas, os coñecementos adquiridos ata o momento, a súa capacidade de analizar alternativas e as súas consecuencias. Realizarase de xeito presencial, apoiados polas TICs e, preferentemente, en pequenos grupos (3-4 estudantes) para que traballen de forma conxunta na resolución das tarefas, de xeito que optimicen a súa aprendizaxe e se retroalimenten do traballo conxunto.
Estudo de casos	Actividade na que se lle presentará ao alumnado unha situación problemática específica coa que podería atoparse na súa futura vida profesional. O alumnado deberá ser capaz de comprender, analizar, valorar e resolver o problema, tomando como marco de referencia as aprendizaxes adquiridas nas sesións maxistrais, así coma outros materiais complementarios facilitados pola docente ou dispoñibles na bibliografía básica da asignatura. Realizarase grupalmente (número de participantes a determinar, segundo o número de alumnado) e, será no grupo no que se analice, debata e valore o caso presentado, e se discutan os feitos e as posibles solucións ata chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión.
Presentación oral	O alumnado presentará fronte á docente e os demais compañeiros o seu proxecto final (traballo tutelado), así como se podera acordar a presentación doutras actividades (estudo de casos, simulación). As presentacións das actividades farase de forma grupal e requirirase da participación de todos os integrantes. Deberase presentar a modo de exposición oral, empregando para isto recursos e medios de carácter innovador. Valorarase, ademais da calidade e claridade na exposición, a capacidade de axustarse aos tempos, a adecuación ao público e lugar da presentación e, sobre todo, a creatividade e a innovación.
Discusión dirixida	Proporanse dinámicas nas que se aborden temáticas que inviten á reflexión do alumnado acerca de contidos relativos ao diagnóstico no campo educativo. Preténdese favorecer a construción dunha visión crítica á hora de interpretar a realidade educativa. Utilizaranse recursos como as lecturas ou os vídeos para a contextualización das discusións, para o cal requirirase que o estudantado, previamente, realice a súa lectura/visionado crítico (traballo autónomo).



Proba mixta	Proba escrita para a avaliación continua das aprendizaxes. Esta proba subdividirase en varias partes/momentos, que corresponden coas diferentes partes do temario. Así, o alumnado poderá demostrar o seu grao de comprensión dos contidos e a súa progresión na aprendizaxe. Poderá integrar preguntas de tipo objetivo: verdadeiro/falso, de selección múltiple, orde, resposta curta, discriminación, completar e/ou asociación.
-------------	---

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos Proba mixta Traballos tutelados	Durante o desenvolvemento das actividades prácticas, os grupos disporán de 1.30 h. de atención personalizada na aula, entendida como atención, supervisión e seguemento dos grupos de traballo, para resolver as dúbidas que poidan xurdir durante o manexo de fontes e a resolución de problemas prácticos. Isto supón que o alumnado debe participar nas sesións prácticas de xeito activo. O alumnado poderá consultar dúbidas no horario de titorías. As ditas titorías atenderanse tanto de forma presencial (despacho P1 A19) como virtual (TEAMS, Outlook), exclusivamente no horario de titorías que figura na web da Facultade. ----- Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial, segundo establece a "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudante dos Graos na UDC (Art. 2.3.,3b y 4.5) (29%5/212)", desenvolverá a súa actividade coa asistencia e a participación nas dinámicas recollidas no apartado de "Metodoloxías" y en "Atención personalizada" aplicable ás prácticas, sempre que lle sexa posible. A actividade farase seguindo as observacións de avaliación sobre a flexibilidade da asistencia-participación e os requirimentos para superar a materia.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A3 B21 B22 B23 B24	Realizaranse varias probas ao longo do cuadrimestre coa fin de valorar a adquisición dos coñecementos teóricos e prácticos. Estas probas poderán incluír preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír con un só tipo dalgunha destas preguntas. O sistema de corrección da dita proba será o seguinte: - Preguntas V/F: unha resposta incorrecta restará unha resposta correcta. - Preguntas de resposta múltiple: aplicarase a fórmula de corrección ao azar (acertos - erros/nº alternativas ? 1). - Preguntas resposta curta: valorarase a claridade e a capacidade de síntese e adecuación da resposta á pregunta formulada. Non habrá una prueba final para el alumnado asistente; cada una de las pruebas a realizar al final de cada tema representan el 40% de la nota final de la asignatura. Cada prueba tendrá un valor de 1 punto.	40



Traballos tutelados	A4 A6 A7 B25 B24 B23 B22 B18 B17 B14 B9 B1 C1 C3 C4	Levarase a cabo un proxecto final que o alumnado irá nutrindo de contidos ao longo do cuadrimestre coas actividades que realice e que, polo tanto, poderán ser avaliadas dentro desta metodoloxía. O dito traballo poderá consistir no deseño dun blogue, a realización dun vídeo ou a creación dun conto, entre outras posibilidades, e co que se logre reproducir os principios fundamentais que sustentan o diagnóstico pedagóxico en Educación Primaria.	40
Presentación oral	B1 B9 B13 B17 B23 B24 C3 C1	Tanto o traballo tutelado (proxecto final) como outras metodoloxías empregadas na materia poderán ser avaliadas a través da súa presentación ante os compañeiros/as. Os criterios chave para a valoración serán, entre outros: (a) Adecuación da presentación ao esixido na actividade (b) Utilización dunha expresión oral (e escrita, apoiada en recursos TIC) adecuada, pertinente e non discriminatória/non ofensiva (c) Orixinalidade, ou capacidade de atraer ao público ao que se dirixe Tamén se terá en conta a capacidade do alumnado para aplicar os coñecementos teóricos adquiridos, para resolver problemas en entornos novos ou pouco coñecidos, a súa integración para formular xuízos e para comunicar as conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan.	20

Observacións avaliación



REQUERIMENTOS PARA SUPERAR A MATERIA:

Asistir a clase. A asistencia a clase é

obrigatoria nun 80% das sesións. Participar en clase. A condición de alumnado asistente (80% de asistencia)

supón, non só a asistencia, senón tamén a participación e aproveitamento do

tempo de clase. Para isto, é moi recomendable que o alumnado visualice e/ou realice a lectura dos materiais subidos á plataforma na que se colgan todos os materiais da asignatura, pois nela se atopan os contidos fundamentais para realizar un correcto desenvolvemento das sesións e para superar a materia. Realizar

todas as actividades obrigatorias que computan na avaliación final da materia;

isto é: a proba mixta (tests dos bloques de contidos), os traballos tutelados

e a presentación oral. Acadar

o 50% da calificación en cada unha das metodoloxías de avaliación para superar

a materia, calquera que sexa a modalidade de avaliación á que se somete o

estudante. No caso de non acadar o 50% nalgunha das partes, a calificación

final será de 4 puntos. Axustarse

ás datas de entrega sinaladas no calendario presentado durante a presentación

da materia. As entregas fóra de prazo ou a ausencia de entrega terán unha

calificación de 0 puntos e, polo tanto, suporán unha calificación final de

suspenso. Realizar

as actividades propostas, aproveitando e optimizando o tempo que se destina na

aula. Realizar

traballos de carácter orixinal. O incumprimento das normas éticas na

realización de traballos académicos suporá unha calificación de 0 puntos na

mesma e, polo tanto, dará lugar a unha calificación final de suspenso. Baixo

ningunha circunstancia aceptaranse traballos parcial ou totalmente extraídos

doutras fontes que non foran debidamente citadas. MODALIDADES DE AVALIACIÓN: Tendo en conta a posible existencia de

alumnado que, polas súas circunstancias particulares non poda asistir a clase, e polo tanto, formar parte dun grupo de traballo e realizar a presentación oral do proxecto, terase en conta diversas modalidades de avaliación segundo o réxime

de adicación do alumnado: AVALIACIÓN CONTINUA: modalidade de avaliación

aplicable ao alumnado asistente; é dicir, a aquel que cumpra co requisito de

asistencia dun 80%; e ao alumnado con recoñecemento de adicación a tempo

parcial. Alumnado asistente: Será avaliado ao longo

do proceso de aprendizaxe, a través da realización das actividades prácticas

(traballos tutelados) e a súa presentación oral, revisado pola profesora, así

como da avaliación formativa a través dos test correspondentes á proba mixta.

Os test estarán programados para as datas que a docente indicará o primeiro día

de clase. Non poderán ser realizados fora do horario de clase nin fora das

datas establecidas. Alumnado con recoñecemento de dedicación a

tempo parcial: atendendo á norma que regula o réxime de adicación ao estudo e a

permanencia e progresión dos estudantes de grao e mestrado universitario na

Universidade da Coruña (aprobada en Consello de Goberno o 28 de xuño de 2016),

nos seus artigos 4, 5 y 6, será necesario que este alumnado solicite a dispensa

e a entregue á docente. O alumnado que se adhira a esta modalidade será

avaliado baixo o seguinte proceso de avaliación: (a) Terá que entregar o seu traballo tutelado

de xeito individual que será valorado cun 40% da cualificación final da

materia; isto é, 4 puntos sobre 10, pero é necesario acadar a metade da

puntuación para aprobar (é dicir, mínimo 2 punto). O prazo para a entregar será

o mesmo que o dos compañeiros presenciais. (b) Terá que entregar por escrito todas as

actividades que o alumnado presencial realice e entregue (ou presente). Será

valorado cun 20% da cualificación final da materia. (c) Terá que realizar os tests correspondentes á proba mixta nas mesmas condicións que o

alumnado asistente (isto é, debe cumprir os prazos establecidos pola docente) e cuxa cualificación será do 60% da nota final; isto é, 6 puntos sobre



10, pero é

necesario acadar a metade da puntuación para aprobar (é dicir, mínimo 3 punto). AVALIACIÓN FINAL: modalidade de avaliación aplicable ao alumnado non asistente (aquel que non cumpre co requisito de asistencia mínimo do 80%), así como aquel que non participa da realización de máis de dous das probas online (proba

mixta). Para este alumnado, establécese que: (a) Será recomendable que realice todas as actividades que se desenvolverán na aula co alumnado presencial, pero de forma autónoma e contando coa supervisión da profesora no horario de titorías. As ditas actividades serán avaliadas a través dunha proba que se desenvolverá ao final do cuadrimestre e que terá un peso do 60% da materia; isto é, 6 punto sobre 10, pero é necesario acadar a metade da puntuación para aprobar (é dicir, mínimo 3 puntos). A data da proba está fixada por Xunta de Facultade.(b) Terá que realizar un único examen de contidos teóricos, integrado na

denominada proba mixta, cun peso do 40% na nota final; isto é, 4 puntos sobre 10, pero é necesario acadar a metade da puntuación para aprobar (é dicir, mínimo 2 puntos).

Os traballos serán entregados fundamentalmente en formato dixital, e nos casos que a entrega sexa en papel este deberá ser reciclado, evitándose o uso de plásticos. Ademais se esixirá a utilización dunha linguaxe non sexista e non discriminatorio



Fontes de información

Bibliografía básica	- Alonso Tapia, J. (2012). Evaluación psicopedagógica y orientación educativa. Madrid: Síntesis - Anaya Nieto, D. (1992). Introducción al diagnóstico en orientación. Madrid: Sanz y Torres - Anaya Nieto, D. (2003). Diagnóstico en educación. Diseño y uso de instrumentos. Madrid: Sanz y Torres - Ayala Flores, C.L. (2001). Evaluación e informes psicopedagógicos: de la teoría a la práctica. Madrid: CEPE - Cardona Moltó, M.C., Chiner Sanz, E. y Lattur Devesa, A. (2010). Diagnóstico psicopedagógico. Alicante: ECU - de Campo Adrián, M.E., Palomares, Delgado, L. y Arias Carmona, T. (2002). Casos prácticos de dificultades de aprendizaje y necesidades educativas especiales: diagnóstico e intervención psicoeducativa. Madrid: Centro de Estudios Ramón Areces, S.A. - Ibáñez López, P. y Mudarra Sánchez, M.J. (2014). Atención temprana. Diagnóstico e intervención psicopedagógica. Madrid: UNED - Iglesias Cortizas, M.J. (2005). Diagnóstico escolar. Teorías, ámbitos y técnicas. Madrid: Pearson. Prentice Hill. - Padilla, M.T. (2002). Técnicas e instrumentos para el diagnóstico y la evaluación educativa. Madrid: CCS - Pascual Gómez, I. (2016). Diagnóstico pedagógico. conceptos básicos y aplicaciones en el aula de educación infantil. Barcelona: Editorial UOC
Bibliografía complementaria	- Iglesias Cortizas, M.J. (2012). Aportaciones del diagnóstico pedagógico a la orientación educativa (pp. 89-112). Madrid: Biblioteca Nueva - Marí Molla, R. (2006). Diagnóstico pedagógico: Un modelo para la intervención psicopedagógica (2ª ed.). Madrid: Ariel Educación

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías